



CONCELLO DE CAMARIÑAS
A CORUÑA

EXPTE. 2025/G010/000010

ACTA SESIÓN TIPO Extraordinaria DO CONCELLO PLENO
mércores 7 de outubro de 2025

Sr. Alcalde-Presidente:

Dona Sandra Insua Rial (PSOE)

Sres. Concelleiros:

Dona Encarnación Liñeiro Pouso (PSOE)

Don Sergio Caamaño Fernández (PSOE)

Dona Begoña Tajés Méndez (PSOE)

Don Germán Camiño Mouzo (PSOE)

Dona Rosa Ana Barbeira Fandiño (PSOE)

Don Jesús Romar Canosa (PSOE)

Don Fabián Canosa Pasantes (PSOE)

Dona Paula Mouzo Mas (PP)

Dona Marta M^a Mouzo Pose (PP)

Don Xurxo M. Rodríguez Baña (BNG)

Escusa ausencia

Don Juan Carlos Sambade Amado (PP)

Don Manuel Mejuto Rios (PP)

Secretaria:

Dona Eva Jardón López.

En Camariñas, sendo as 09:08 horas do martes 7 de outubro de 2025 e previamente convocados, reúnen-se en primeira convocatoria baixo a Presidencia da Sra Alcaldesa dona Sandra Insua Rial, e asistida da Secretaria da Corporación dona Eva Jardón López, os Sres./Sras. Concelleiros/as arriba expresados, ao obxecto de celebrar **sesión Extraordinaria**.

Comprobado que asisten número suficiente para a válida constitución, o Sra. Alcaldesa-Presidente declara aberta a sesión pasándose a examinar os asuntos comprendidos na Orde do Día que é o seguinte:

ORDE DO DIA

1 / 7

Documento asinado electrónicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.camarinas.net>.

O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE CAMARIÑAS
A CORUÑA

EXPTE. 2025/G010/000010

UNICO.- Solicitud de subvención e aprobación do proxecto de obra “Reforma da envolvente exterior da antiga lonxa de Camariñas e Sala de Exposición “Beti Donosti” (futuro Museo dos Naufraxios)”

Consta no expediente a seguinte proposta de acordo:

“PROPOSTA DE ACORDO

ASUNTO: SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN E APROBACIÓN DE PROXECTO DE OBRA “REFORMA DA ENVOLVENTE EXTERIOR DA ANTIGUA LONXA DE CAMARIÑAS E SALA DE EXPOSICIÓN “BETI DONOSTI” (FUTURO MUSEO DOS NAUFRAXIOS)”,

EXPTE TEDEC: 2025/A007/000003.

Visto que este Concello ten interese na realización da obra de “REFORMA DA ENVOLVENTE EXTERIOR DA ANTIGUA LONXA DE CAMARIÑAS E SALA DE EXPOSICIÓN “BETI DONOSTI” (FUTURO MUSEO DOS NAUFRAXIOS)”, e que se estima de urxente realización, non dispoñendo de recursos económicos para levala a cabo.

Visto o proxecto redactado polo Arquitecto don Jorge Roura Traseira asinado dixitalmente en data 30 de setembro de 2025 e sen visado colexial.

Visto o informe xustificativa da necesidade da actuación, asinado en data 23 de setembro de 2025 polo redactor do proxecto o arquitecto don Jorge Roura Traseira.

Visto o informe técnico asinado por dona Carmen Ruiz Alarcón, arquitecta do Servizo de Asistencia Técnica a Municipios da Deputación Provincial da Coruña, en data 1 de outubro de 2025 do que resulta a viabilidade urbanística da obra.

Visto o informe sobre a dispoñibilidade dos terreos, asinado por dona Eva Jardón López, Secretaria do Concello, en data 1 de outubro de 2025.

Visto que o Concello non conta con recursos económicos suficientes para facer fronte as obras e estando interesado en solicitar unha achega a Deputación.

Vistos os requirimentos da Deputación Provincial para tramitar as achegas nominativas aos Concellos, aprobación do proxecto e á solicitude da subvención, así como a declaración do interese público provincial e coeficiente de financiamento solicitado.



CONCELLO DE CAMARIÑAS

A CORUÑA

EXPTE. 2025/G010/000010

Visto o proxecto redactado, encontrado conforme, e examinada a restante documentación obrante no expediente, propónse pola Alcaldía a adopción do seguinte **ACORDO:**

Primeiro.- Aprobar o proxecto de obras denominado “REFORMA DA ENVOLVENTE EXTERIOR DA ANTIGUA LONXA DE CAMARIÑAS E SALA DE EXPOSICIÓN “BETI DONOSTI” (FUTURO MUSEO DOS NAUFRAXIOS)”, asinado polo arquitecto, don Jorge Roura Traseira en data 30 de setembro de 2025 e cuxo orzamento total ascende á cantidade de 430.000 €.

Segundo.- Solicitar á Excelentísima Deputación Provincial de A Coruña unha subvención nominativa por importe de 330.000 € para o financiamento da citada obra, que supón un coeficiente de financiamento pola Deputación do 76,7442 %.

Terceiro.- Declarar o interese público provincial no financiamento da citada obra, xa que de acordo co artigo 36 da LBRL é competencia da Deputación a asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos municipios, especialmente aos de menor capacidade económica e de xestión, atopándose o Concello de Camariñas nesta situación de menor capacidade económica.

O proxecto supón a mellora dos accesos e entorno, a un dos principais recursos turísticos da provincia, os seus recursos patrimoniais, concretándose a presente reforma da antiga lonxa, que consiste nun edificio de gran interese histórico polo que representa para unha comarca que vive da pesca e do mar. Así como, polo destino que se lle pretende outorgar no futuro, un Museo sobre os Naufraxios da Costa Morte, que marcaron o desenvolvemento da Comarca e deixaron unha importante historia para a provincia.

Estamos ante unha infraestrutura cultural cuxa potenciación favorecerá o desenvolvemento económico dos Concellos colindantes, xa que dará a coñecer a totalidade da Costa da Mortes, a través da historia dos seus naufraxios.

O proxecto presentado, pola envergadura e importes que conleva, excede dos parámetros das subvencións que veñen a concederse nas convocatorias de réxime de concorrência competitiva dos distintos Departamentos da Deputación Provincial, tendo en conta ademais que afecta a varias áreas de competencias, promoción económica, cultural e turística, debido ao grande impacto que ten tanto a nivel municipal como provincial o futuro Museo dos Naufraxios.

3 / 7



CONCELLO DE CAMARIÑAS

A CORUÑA

EXPTE. 2025/G010/000010

Cuarto.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que se compromete a ter resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias para a execución do proxecto.

Quinto.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas nesta subvención.

Sexto.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

Sétimo.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

Oitavo.- Dar traslado do presente acordo á Excelentísima Deputación Provincial da Coruña.

Asinado dixitalmente en Camariñas, na data que figura ao marxe, pola Alcaldesa do Concello, dona Sandra Insua Rial.

A Alcaldesa explica que foi difícil conseguir a subvención, que hai un informe de Tinsa que conclúe que non se aconsella a rehabilitación da estrutura existente debido ao seu avanzado estado de deterioro, ao abandono e o alto custo que suporían as obras necesarias, os técnicos de Deputación mandaron requirimentos para que se corrixa isto e Victor Hermo dixo que por 400.000 vía imposible facer toda a envolvente e abrílo ao público, e renuncio e agora Jorge Roura fixo un novo proxecto, houbo que demostras que a estrutura aguantaba o futuro Museo, e agora temos o Pleno da Deputación o 31 de outubro, e queremos que vaia a modificación de crédito e o convenio e hai que aprobar o novo proxecto para subir a Subtel.

Dona Paula di que é un documento técnico extenso e que houbo pouco marxe de tempo



CONCELLO DE CAMARIÑAS

A CORUÑA

EXPTE. 2025/G010/000010

para revisar, porque nin si queira houbo comisión e pregunta porque non se fixo.

A Alcaldesa contesta que por urxencia, porque acaban de entregar o proxecto, tivo que informar Carmen Ruiz, ten que ir ao Pleno do día 31 e ten que ir a contratación, intervención e outra vez aos arquitectos da Deputación.

Dona Paula di que non está ditaminada a urxencia e a Secretaria contesta que ao estar na orde do día, o que se ratifica é a inclusión do punto na orde do día.

Dona Paula pregunta si hai un plan para a xestión do espazo. A Alcaldesa contesta que no expediente hai un informe xustificando a viabilidade do futuro museo e da cafetería, e agora a sala Beti Donosti que queda preparada para abrir ao público.

Dona Paula pregunta onde está previsto situar a cafetería. Don Sergio pide a palabra e di que agora o que se vota é a envolvente a sala Beti Donosti e dona Paula contesta que ela entende que non empezan unha obra sen saber o que van facer na segunda fase.

A Alcaldesa explica onde estaba a cafetería no primeiro proxecto e di que no informe de Carlos Aymerich se contemplan todas as posibilidades de xestión.

Dona Encarna di que o que queda ben reparado é a envolvente, e que o que se fai agora non vai prexudicar as futuras fases, e temos todo preparado, pero non temos os cartos.

A Alcaldesa explica que hai que abrir algo ao público, por iso ábrese esa sala e o resto queda tapiado e nas seguintes fases o iran decidindo, pero o mais importante é que a lonxa non se tire.

Dona Paula pregunta pola fosa séptica, e dona Sandra contesta que o exige Deputación, porque hai un cambio na ubicación dos baños porque antes ían do lado da cafetería e agora teñen que ir do lado da sala Beti Donosti.

Dona Paula pregunta se hai algún estudio de viabilidade e a Alcaldesa di que hai unha memoria no expediente.

Don Xurxo di que todo isto lle parece un despropósito, o primeiro que habería que facer é esixirlle a Portos que desenvolva o Plan Especial que non o fixo nunca, segundo deixar a cesión e que Portos rehabilite o edificio porque era a súa obriga e despois destinar ese

5 / 7



CONCELLO DE CAMARIÑAS

A CORUÑA

EXPTE. 2025/G010/000010

diñeiro a outras actuacións urxentes e abandonar este proxecto porque está carente por todos lados e dúbida moito que intervención de Deputación non diga nada de que vaíamos a rehabilitación un edificio que é de Portos. E respecto ao destino como museo, sinala que non di que non sexa necesario un museo dese tipo, pero que agora mesmo non somos capaces de manter os que temos e ímonos a meter noutra obra que dubida moito que o Concello teña capacidade para facer e manter e estamos a destinar un montón de recursos do Concello a ese edificio que non é noso.

A Alcaldesa di que a idea de crear un Museo dos Naufraxios como non a fagamos nós, van adiantar concellos con mais diñeiro que nós, como Laracha e Arteixo, e entende que o centro neurálxico da Costa da Morte somos nós e que sempre apostaron pola rehabilitación da lonxa porque hai un agarimo especial por el.

Don Xurxo pregunta se hai requirimentos a Portos, e a Alcaldesa di que si, e que Portos pediu o informe de Tinsa para non rehabilitar. Don Xurxo di que ese informe é un informe de parte, que tería que informar a técnica municipal e dona Sandra di que agora o hai.

Don Xurxo insiste en que Portos nin se queira fixo o intento de desenvolver o Plan Especial.

A Alcaldesa di que eles querían que a lonxa se transforme en algo útil para Camariñas e que niso pon todos os seus esforzos.

Non habendo mais debate, procédese a votar a inclusión do punto na orde do día, conforme ao disposto no artigo 82.3 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización e Funcionamento das Entidades Locais co seguinte resultado

Votación da inclusión na orde do día:

Votos a favor: 11

Votos en contra: 0

Abstencións: 0

Ratificada a inclusión do punto na orde do día por unanimidade, procedese á votación, co seguinte resultado:

6 / 7



CONCELLO DE CAMARIÑAS

A CORUÑA

EXPTE. 2025/G010/000010

Votación

Votos a favor: 8

0 GRUPO MIXTO - BNG
8 GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA
0 GRUPO MUNICIPAL POPULAR

Votos en contra:1

1 GRUPO MIXTO - BNG
0 GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA
0 GRUPO MUNICIPAL POPULAR

Abstenciones:2

0 GRUPO MIXTO - BNG
0 GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA
2 GRUPO MUNICIPAL POPULAR

Resultado: Maioría absoluta.

Estado: Aprobada

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Alcaldesa levántase a sesión, senda as 9:26 horas de todo o cal, levántase acta por min, que como secretaria da sesión, dou fe e certifico.

Asinado dixitalmente, na data que figura ao marxe, pola Secretaria do Concello, dona Eva Jardón López, co visto e prace da Alcaldesa, dona Sandra Insua Rial.